

A photograph of a person in a blue shirt performing a traditional dance. They are holding a large, circular, brown object, possibly a drum or a large bowl, and are surrounded by a crowd of people. The background is a stone wall.

INTERPRETANDO O PATRIMONIO INMATERIAL

Novas formas de entender o patrimonio

Beatriz Gamallo Liste
Ana Vilas Paz

A interpretación do patrimonio é a "arte" de revelar *in situ* o significado do legado natural e cultural ao público que visita eses lugares no seu tempo libre. (AIP)



Pode resultar difícil revelar o significado do patrimonio que é material e o público pode ver...



Interpretar o Patrimonio inmaterial... Misión imposible?

OBXECTIVOS

- Coñecer que é o patrimonio inmaterial.
- Contribuir a que se teña en conta o patrimonio inmaterial á hora de interpretar un lugar ou elemento.
- Proporcionar algúns exemplos que sirvan de pistas de cómo usar o patrimonio inmaterial en interpretación.

Achegándose ao concepto...

Que é o Patrimonio Inmaterial?

Definición?

Convención para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial
(UNESCO, 2003):



“Se entiende por “patrimonio cultural inmaterial” los usos, representaciones, expresiones, conocimientos y técnicas –junto con los instrumentos, objetos, artefactos y espacios culturales que les son inherentes– que las comunidades, los grupos y en algunos casos los individuos reconozcan como parte integrante de su patrimonio cultural. Este patrimonio cultural inmaterial, que se transmite de generación en generación, es recreado constantemente por las comunidades y grupos en función de su entorno, su interacción con la naturaleza y su historia, infundiéndoles un sentimiento de identidad y continuidad y contribuyendo así a promover el respeto de la diversidad cultural y la creatividad humana.”

Características do Patrimonio Cultural Inmaterial

(Plan Nacional de Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial)

- Está interiorizado nos individuos e nas comunidades, como parte da súa identidade.
- É compartido polos membros dunha colectividade.
- Está vivo i é dinámico.
- É transmitido e recreado.
- É transmitido xeralmente dende a infancia.
- É preservado tradicionalmente pola comunidade.
- Forma parte da memoria colectiva viva, como unha realidade socialmente construída.
- É experimentado como vivencia.
- Está interconectado coa dimensión material da cultura.

- Está habitualmente contextualizado nun tempo en un marco espacial.
- Desenvólvese e experimentase en tempo presente.
- Remite á biografía individual e á colectiva.
- Está imbricado nas formas de vida.
- Non admite copia.
- Está ritualizado.
- Constitúe unha experiencia dende a perspectiva sensorial.
- Ten efecto rexenerador na orde social.
- É vulnerable.

Que inclúe o Patrimonio Inmaterial?

Segundo a definición e o recollido na mesma Convención, o patrimonio cultural inmaterial comprende:

- Tradicións e expresións orais, incluído o idioma como vehículo do patrimonio cultural inmaterial
- Artes do espectáculo
- Usos sociais, rituais e actos festivos
- Coñecementos e usos relacionados coa natureza e o universo
- Técnicas artesanais tradicionais



Non é que sexa pouco, pero... é só isto?

Existe un patrimonio natural inmaterial?

O sonido do mar, o vento e as aves no acantilado...

O olor dalgunhas plantas da duna no verán, ou da baixamar...



... son patrimonio inmaterial?

... ou son simplemente aspectos intanxibles dun elemento patrimonial?

“Es vana la pretensión de encerrar toda la naturaleza en los sistemas de ecuaciones diferenciales tan caras a los ecólogos y, a fin de cuentas, puede ser más efectivo sentarse a ver discurrir las aguas de un río y a escuchar el susurro de las hojas de los árboles”
(Margalef, 1986)

Patrimonio material / Patrimonio inmaterial

➡ dúas caras da mesma moeda

Entón... que máis inclúe o Patrimonio Inmaterial?

(Segundo o Grupo de Traballo en Patrimonio Inmaterial en Espazos protexidos)

Danzas tradicionais

Música e cantos tradicionais

Expresións artísticas (pintura, literatura, fotografía...)

O silencio

A beleza auditiva ou olfativa

Oficios tradicionais

Coñecementos tradicionais

Festas

Estruturas de gobernanza e normas tradicionais

Gastronomía

Feitos históricos relevantes

Dialectos

Vocabulario relevante

Contos e lendas

Refráns e adiviñas

Romerías e peregrinacións

Rituais e ceremonias

Santuarios vivos

Lugares espirituais

Lugares identitarios

Topónimos relevantes

.....

**Buscamos a outra
cara da moeda?**



Como non se ve...

Convención sobre a protección do patrimonio mundial, natural e cultural (1972)

Un longo camiño e 31 anos despois:
Convención para a salvagarda do
patrimonio cultural inmaterial (2003)



Estamos empezando a valoralo... e estamos empezando a aprender como xestionalo e conservalo.

E atopándonos cos primeiros problemas de xestión:

- Faltan planeamentos técnicos e metodolóxicos
- Cada vez hai menos depositarios dos coñecementos vernaculares: cada vez máis difícil a súa recuperación
- Precisa da participación de toda a sociedade (problema??)
- Débese conservar como algo vivo, que evoluciona

A conservación do patrimonio inmaterial, un paso cara o desenvolvemento sostible



Medio ambiente:

Lendas, refráns, vocabulario, festas: expresan e reforzan a identificación e a pertencencia da poboación ao seu entorno.


Técnicas e modos de vida tradicionais: contribúen directamente á preservación de hábitats e paisaxes.

Sociedade:

Vínculos entre os membros dunha sociedade, pertencencia a unha comunidade, empoderamento das poboacións locais, identidade...

Economía:

Oficios e actividades tradicionais, valor engadido, novos produtos, turismo cultural e turismo de natureza,



Patrimonio cultural inmateral e desenvolvemento sostible

Agroturismo na Terra de Lemos

A comarca de Terra de Lemos xunta unha das montañas máis típicas de Galicia, O Courel, cunha das contornas máis fascinantes da nosa xeografía, a Ribeira Sacra.

Ofrecémosche unha oportunidade diferente para gozar da natureza desta comarca e mergullarte nunha experiencia vivificante de contacto coas súas xentes, tradicións, música, gastronomía, lugares e seres míticos.

Propoñémosche once actividades diferentes que che permitirán, á vez que coñecer esta belísima comarca:

- Participar directamente nos Antroidos e magostos da zona
- Facer a túa propia matanza.
- Producir o teu propio mel, viño e augardente
- Aprender as técnicas do cultivo ecolóxico
- Aprender a olería tradicional
- Micoloxía
- Aprender a nosa música e bailes tradicionais.
- Visitar o maior conxunto de igrexas románicas de Galicia

Se buscas un turismo máis aló do convencional, unha nova experiencia, este é o teu lugar.

Interpretando o patrimonio inmaterial...

Poñendo o noso graíño de area para a súa conservación...

Novas oportunidades coa interpretación do patrimonio inmaterial:

- Proporciónase un valor engadido a produtos ou servizos.
- Poténciase a pervivencia de oficios (e os coñecementos asociados).
- Suma posibilidades de interpretación para espazos naturais.



Como o facemos?

Algunhas ideas para facilitar e facer posible a interpretación do patrimonio inmaterial

O primeiro de todo...

Tendo en conta o patrimonio inmaterial no deseño das nosas actividades interpretativas (inventario de recursos patrimoniais ou interpretativos).

Parándose a considerar o inmaterial que da soporte e sentido ao patrimonio material.



Dando valor ás relacións entre patrimonio material e inmaterial

Elementos patrimoniais materiais como recursos para interpretar o patrimonio inmaterial relacionado.



E viceversa, o patrimonio inmaterial pódese usar para darlle un sentido a outros elementos patrimoniais.

E dando valor tamén as relacións entre patrimonio natural e patrimonio cultural

Que se reflicten perfectamente no patrimonio inmaterial:

Coñecementos sobre o medio (incluíndo refráns, topónimos, cancións populares, etc.)

LÚA NOVA CON TREBOADA, TRINTA DÍAS MOLLADA.

Uso de plantas ou outros elementos naturais na medicina tradicional

Artesanías



Resaltando a forte dependencia do medio natural

Oficios e aproveitamentos tradicionais

Topónimos

Coñecementos sobre o medio

Lugares sagrados



E ligando o patrimonio inmaterial co contexto espacial ao que pertence, sen o que non sería posible a súa existencia nin a súa comprensión.

Evidenciando as relacións entre compoñentes do mesmo sistema



Paisaxe percibida: vista + beleza +
sonido + olor

Muíño = pedra + río +
coñecementos tecnolóxicos +
coñecemento do medio + forma
organización comunidade



E resaltando a importancia do que non se ve para a
existencia da parte que se pode ver.

Establecendo comparacións entre o tempo pasado e o tempo actual

Alimentación



Economía

Espiritualidade

Tempo de ocio e festas



Enfermidade e curación

Sentindo

Unha vila pódese oler

Unha especie protexida pódese contemplar

Un ecosistema pódese saborear

Unha paisaxe pódese escoitar



Rutas sensoriales que nos achegan a outra cara da moeda.

E que nos invitan a interactuar co medio, mediante actividades abertas a públicos diversos.

Emocionándose... Empregando o sentido de pertenencia

Principios da interpretación.

Vantaxe: Adaptacións do ser humano / Adaptacións doutra especie.

Atracción por manifestacións culturais cercanas ou alonxadas á nosa propia cultura.



Narrando

Narracións históricas para entender o contexto.

Narración de contos ou lendas, en si mesma un elemento relevante que introduce na atmósfera cultural do lugar.

“Conta a lenda que a filla dun poderoso nobre de Quiroga gustaba de percorre-los montes dos arredores vestida con roupas vulgares, co obxecto de pasar inadvertida entre as xentes humildes...”

Quen non quere saber como acaba a lenda?

Reivindicando a oralidade

Invitando á acción...

Prácticas culturais? Que mellor entón que poñelas en práctica?



...e a participación



Invitar á acción e á participación... pero sen esquecer:

- Estamos a falar de interpretación.
- Débese garantir unha correcta relación entre o turismo e o recurso, coa protección e sostibilidade deste. (Trátase de conservar o recurso, non de converter o lugar nun parque temático)



Algunhas liñas de actuación (Plan Nacional de Salvagarda do PCI):

- Establecemento de boas prácticas: canais de difusión, infraestruturas locais para acoller aos visitantes, número óptimo de visitantes, orientacións para os turistas.
- Creación de centros de interpretación do PCI.

Fomentando as expresións artísticas

Contribuíndo a que as persoas pensen ou se identifiquen cun lugar para poder plasmar a través da expresión artística o que lle suxire ou transmite ese espazo.

- Concurso de fotografía
- Exposición debuxos ou pinturas
- Concurso de logos dun espazo
- Concurso de poemas



Meténdose na pel do outro

Se non, como pasar da curiosidade polas culturas alleas ao entendemento e valoración?

Cres na Compañía?



Como entender a espiritualidade doutros pobos ou dos tempos antigos?

Como contribuir a conservación de lugares sagrados para unha comunidade?

Mirando o pasado

Imaxes que nos transportan a outro tempo e outros modos de vida



Entender o que vemos hoxe



Descubriendo o significado dos topónimos

Topónimos = patrimonio que fala doutro patrimonio

“Os topónimos figuran como compoñentes do horizonte mental, do universo vivencial dos membros que compoñen as comunidades” X.L.Vilar

Talasonimia ➡ cinco saberes: etoloxía animal, elaboración de trampas, emprego de embarcacións, meteoroloxía, orografía marítima (liña de costa e fondo do mar).



Aprendendo: Usando a web 2.0!

http://www.guiapatrimoniointangible.segovia2016.es/Mapa_interactivo.html



guía del patrimonio intangible de segovia

ZONA: Zamarramala

Nº de comentarios: 10

- Las fiestas de las Aguedas
- La vista estupenda del Alcazar y la Catedral.
(Raquel)
- la fiesta de las Alcaldesas de Zamarramala
(Alicia)
- Decir aquello de: tiene más curvas que la carretera de Zamarramala
- La vista estupenda del Alcazar y la Catedral
(Raquel)
- La fiesta de las Alcaldesas de Zamarramala.
- El Camino de Santiago, cruza toda Segovia hasta Zamarramala, desde donde abandona la Capital para adentrarse en la provincia
(Nuria)
- Aparte de la Fiesta de Santa Águeda (Las Alcaldesas), resaltar de ellas sus trajes. El chorizo y el Vino. "La Tajá" como es conocida popularmente en Zamarramala. El arroz con leche de las Alcaldesas.
(Nuria)
- El bordado Segoviano



SEGOVIA 2016 CANDIDATURA CAPITAL EUROPEA DE LA CULTURA

SEGOVIA! 25 años
CIUDAD PATRIMONIO DE LA HUMANIDAD

Aprendendo:

Nós tamén fixemos o noso mapa mental!

